

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR NO PARLAMENTO O 17 DE NOVEMBRO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural o Castro de San Cibrao de Las, nas parroquias de San Cibrao de Lás e San Xoán de Ourantes, nos termos municipais de San Amaro e Punxín (Ourense).

ACORDOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADE E FP

- Acordo polo que se autoriza a constitución da Fundación Pública Galega de Talento Investigador de Alto Nivel Galtia.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio entre a Axencia Galega de Innovación da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (CSIC) para instrumentar a concesión dunha subvención por parte da Axencia Galega de Innovación ao persoal investigador principal gañador dunha axuda do Programa do Consello Europeo de Investigación (ERC) no marco do programa Horizon Europe, por importe de douscentos mil euros (200.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio entre a Axencia Galega de Innovación, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para fomentar a actividade investigadora do persoal investigador universitario beneficiario dunha axuda do ERC no marco H2020, por importe de sesenta e dous mil euros (62.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio entre a Axencia Galega de Innovación da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (CSIC) para instrumentar a concesión dunha subvención por parte da Axencia Galega de Innovación destinada a complementar as axudas do persoal investigador principal gañador dunha axuda do Programa do Consello Europeo de Investigación (ERC) no marco do programa Horizon Europe, por importe de douscentos corenta e tres mil setecentos cincuenta euros (243.750,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación, suxeita a regulación harmonizada, do servizo de atención residencial a persoas maiores dependentes na Residencia de maiores de Bande e na Residencia do Carballiño para persoas con dependencia. Tramitación anticipada do gasto. Importe de licitación: seis millóns novecentos dezaioito mil cento oitenta e catro euros (6.918.184,00 €). Valor estimado: dezanove millóns novecentos trinta e nove mil novecentos vinte euros (19.939.920,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar e o Concello de Outeiro de Rei para o financiamento das obras de construción da segunda fase do Centro de Día municipal do Concello de Outeiro de Rei. Importe total: seiscientos mil euros (600.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar e o Concello de Punxín para o financiamento das obras de construción dun centro social no Concello de Punxín. Importe total: cento vinte e un mil trescentos sesenta e nove euros con noventa e nove céntimos (121.369,99 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar e o Concello de Ribadeo para o financiamento das obras de acondicionamento de instalacións para equipamento, lavandería e cociña do Hospital Asilo Municipal do Concello de Ribadeo. Importe total: trescentos vinte mil euros (320.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar e o Concello de Teo para o financiamento das obras de adaptación dun almacén como Centro de Día no Concello de Teo. Importe total: seiscientos mil euros (600.000,00 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma de razón do inicio da tramitación do proxecto de desenvolvemento e urbanización da ampliación do parque empresarial de Bertoa no concello de Carballo (A Coruña).
- Acordo polo que se toma razón sobre a resolución das axudas para a organización de actividades formativas non regradas e actividades de divulgación que impulsen o coñecemento e a competitividade da industria forestal-madeira de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura, por tramitación anticipada de gasto, do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Carballo para a humanización dun tramo urbano da AC-552 avenida de Fisterra, por importe total de dous millóns corenta e dous mil seiscientos corenta e tres euros con noventa e seis céntimos (2.042.643,96 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura, por tramitación anticipada de gasto, do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de O Valadouro, para a execución das obras de Humanización da praza de Santa María en Ferreira, por un importe de douscentos dezaioito mil seiscientos noventa e tres euros con setenta e tres céntimos (218.693,73 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Vigo, mediante o que se prorroga ata o 31 de decembro de 2029 a vixencia do Consorcio do Casco Vello de Vigo e se aproba o marco financeiro para o período 2026-2029, por un importe de sete millóns novecentos tres mil trescentos corenta e catro euros (7.903.344,00 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba a modificación dos estatutos da Real Academia de Medicina de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a contratación para a subministración sucesiva de tubos de extracción de sangue por baleiro e sistema de control da rastrexabilidade de mostras con destino a distintas áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un importe de tres millóns cento setenta e oito mil trescentos oitenta e cinco euros con doce céntimos (3.178.385,12 €) IVE engadido, e un valor estimado de catro millóns novecentos tres mil douscentos noventa e tres euros con noventa céntimos, sen IVE (4.903.293,90 €). Tramitado como anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación Es Baluard Museu Dàrt Contemporani de Palma para a coprodución e exhibición nas súas sedes da exposición "Jannis Kounellis. Laberinto sin Paredes", por un importe total de noventa e cinco mil setecentos oitenta e cinco euros. (95.785,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón do desenvolvemento da vendima 2025 nas cinco denominacións de orixe galegas.

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre o Atlas de Covas e Canóns de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre as actuacións da Xunta de Galicia en materia de xestión de residuos para avanzar cara a unha Galicia sostible.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a próxima licitación, por tramitación anticipada de gasto, do contrato de "Actualización do proxecto de mellora da intersección no p.q. 9+980 da PO-400", cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de catrocentos trinta e mil novecentos oitenta e seis euros con cincuenta e un céntimos (430.986,51 €).
- Informe sobre a próxima licitación, por tramitación anticipada de gasto, do contrato de "Mellora da drenaxe das estradas PO-550 e PO-504 en Meaño e Sanxenxo" cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de cincocentos tres mil cento dous euros con setenta e tres céntimos (503.102,73 €).
- Informe sobre a próxima licitación, por tramitación anticipada de gasto, do contrato "Sendas peonís na AC-542. Abegondo" cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de cincocentos vinte e sete mil trescentos trece euros con vinte nove céntimos (527.313,29 €).
- Informe sobre a próxima licitación, por tramitación anticipada de gasto, do contrato "Conexión dun vial de concentración parcelaria coas estradas PO-531 e PO-301" cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de oitocentos oitenta e sete mil trescentos catorce euros con noventa e un céntimos (887.314,91 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre os resultados dos programas bonos Activa comercio 2025.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre o dominio público portuario adicado a piragüismo, remo e vela nos peiraos autonómicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL O CASTRO DE SAN CIBRAO DE LAS

- Asegura que se trata “dun dos xacementos arqueolóxicos máis sobranceiros e visitados de Galicia” cun alto valor “cultural e histórico”
- Situado nos termos municipais ourensáns de San Amaro e Punxín, é clave no coñecemento da Idade do Ferro
- O Goberno galego creou ao seu abeiro o Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa, elixido pola boa preservación da súa integridade ao longo do tempo
- Con esta aprobación xa son 793 os bens de interese cultural rexistrados na Comunidade

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello declarou esta mañá ben de interese cultural o Castro de San Cibrao de Las, situado no termos municipais ourensáns de San Amaro e Punxín. “Trátase dun dos xacementos arqueolóxicos máis sobranceiros e visitados de Galicia e dos máis importantes desde o punto de vista cultural e histórico”, indicou.

A declaración, que se fará oficial nos vindeiros días coa súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, valora este enclave como un elemento crucial no coñecemento da Idade do Ferro, especialmente na súa fase final e inicio do período romano, polo que se considera a necesaria protección para garantir a súa conservación e proxección cara ás futuras xeracións.

Ademais, tal e como resaltou Rueda, o expediente destaca o seu bo estado de conservación, cun 15 % da extensión do poboado xa escavado e musealizado. Neste senso, o informe recolle as sucesivas intervencións que permitiron sacar á luz numerosas estruturas, tanto habitacionais como doutro tipo (murallas, rúas, portas monumentais ou alxibes, entre outras). Ademais, tamén se acharon materiais arqueolóxicos (pezas cerámicas, líticas, obxectos de vidro de uso doméstico, restos metálicos ou moedas) de grande importancia para a investigación e a divulgación, de maneira que constitúen un valioso recurso patrimonial. Deste xeito, tamén se fai fincapé na excelente preservación da súa integridade, sen que se vise afectada substancialmente a súa morfoloxía ao longo dos varios séculos de historia.

Cómpre destacar que esta singularidade foi a que fixo que a Xunta o escollese para crear o Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa, un centro de interpretación inaugurado no 2014 para difundir este coñecemento entre a poboación. De feito, como resultado disto conseguiuase a consolidación dos restos exhumados e a creación dun lugar histórico amplamente investigado, musealizado e protexido, sendo un dos xacementos arqueolóxicos máis visitados de Galicia.

Con esta declaración, agora mesmo “están rexistrados 793 bens de interese cultural” no territorio, unha cifra que reflicte o importante compromiso do Goberno autonómico por protexer, conservar e pór en valor o patrimonio sobranceiro da Comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Exemplo de construción planificada e organizada

O Castro de San Cibrao de Las, situado a 20 quilómetros da cidade de Ourense, foi considerado tradicionalmente como un *oppidum* ou poboado prehistórico do cambio de Era. Nas intervencións máis recentes ampliase a súa ocupación como castro entre os séculos II a. C. e II d. C, e documéntanse indicios da existencia doutras fases no xacemento arqueolóxico ata o derrube da muralla e abandono definitivo no século XI d.C.

Así, tras as diversas intervencións arqueolóxicas que se veñen desenvolvendo desde inicios do século XX descríbese o ben como un espazo elevado que conta con dous recintos ovalados e concéntricos. Desta maneira, considerase que exemplifica unha construción planificada e organizada, con rúas pavimentadas, sistemas de canalización de auga, vivendas complexas con estruturas arredor dun patio central e agrupadas en barrios.

Polo tanto, San Cibrao de Las conta coa presenza dunha variada tipoloxía de elementos do patrimonio histórico, arqueolóxico e natural que avalan o seu potencial como recurso científico de primeira magnitude, e a súa relevancia e valor cultural singular.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A FUNDACIÓN GALTIA OFRECERÁ UN APOIO INICIAL DE ATA 1 M€ AOS PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN DE REFERENCIA INTERNACIONAL QUE DECIDAN INSTALARSE EN GALICIA

- Este apoio da Xunta ao persoal que contrate a nova fundación permitirá financiar as liñas de traballo que se abran, os equipos ou infraestruturas que precisen
- Rueda avanza que tras aprobar os últimos trámites para a constitución desta entidade, a Fundación lanzará a primeira convocatoria no primeiro semestre de 2026
- Galtia, que terá un equipo de xestión mínimo e centrará os seus fondos na atracción de talento para favorecer a I+G+i, terá a súa sede no Edificio Fontán da Cidade da Cultura
- O presidente resalta que “os orzamentos de 2026 xa recollen 4 M€ para o arranque” desta Fundación
- O Goberno autonómico aspira a captar en cinco anos a 30 científicos de máximo prestixio mundial nas súas áreas grazas a un investimento de máis de 35 M€

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe os últimos trámites necesarios para a constitución da Fundación pública galega de atracción de talento investigador de alto nivel (Fundación Galtia) -a validación dos seus estatutos e do seu Plan plurianual de actuación- co obxectivo de “lanzar no primeiro semestre de 2026 a primeira convocatoria para captar a científicos internacionais”.

Ademais, tal e como resaltou Rueda, co fin de que os investigadores desenvolvan os seus proxectos na comunidade, a entidade ofrecerá un apoio inicial de ata 1 millón de euros que cubrirá as súas liñas de traballo, o persoal co que veñan acompañados e do que se rodeen na Comunidade, así como os laboratorios e infraestruturas que necesiten.

Rueda salientou que “os orzamentos de 2026 xa recollen os primeiros 4 millóns de euros para o arranque da Fundación Galtia”, que disporá para os seus cinco primeiros anos de funcionamento dun investimento de máis de 35 M€, cun retorno estimado de 117 M€. Ao longo dese período, ata 2030, prevé incorporar 30 investigadores de máximo prestixio, referentes nas súas áreas, que actualmente traballen fóra de Galicia. Deste xeito, a Xunta afonda na súa aposta por potenciar “a I+G+i na que Galicia xa é un referente”.

Os científicos seleccionados desenvolverán a súa actividade investigadora en centros de coñecemento galegos e contarán cun plan de carreira profesional con avaliacións periódicas e incentivos vinculados á excelencia ou ao impacto científico e cun paquete completo de acollida e acompañamento no momento que se muden a Galicia.

A Fundación Galtia terá a súa sede no Edificio Fontán, situado na Cidade da Cultura, reforzando así o papel destas instalacións no ámbito investigador e académico. De feito, xa están situados nel o INCIPIT (Instituto de Ciencias do Patrimonio), o CISPAC (Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais), a ACSUG (Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia), o CISUG (Consorcio

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia) ou o CIEDIX (Centro de Innovación Educativa e Dixital).

Próximos pasos previstos

Unha vez aprobada a constitución de Galtia polo Consello da Xunta, agora iniciárase a execución do plan de activación, é dicir, tramitárase a escritura pública, as inscricións oficiais e porase en marcha a sede. O *Diario Oficial de Galicia* publicará, así mesmo, a súa clasificación e a declaración de interese galego. Tamén se deberá constituír o padroado e nomear a dirección científica e dotar ao órgano dos recursos humanos e técnicos necesarios. A estrutura de funcionamento e xestión será a mínima imprescindible dado que a meirande dos fondos destinaranse á captación de investigadores. Todos estes pasos iranse completando progresivamente ao longo das vindeiras semanas.

Galtia integrárase no sistema de I+D+i galego para o que se formalizarán alianzas institucionais e activárase a rede de entidades de acollida, así como a articulación de mecanismos de colaboración entre os membros do ecosistema de investigación e innovación. Será unha entidade pública e estará aberta a capital privado, polo que se creará a figura dos membros benefactores. Isto permitirá a incorporación de entidades colaboradoras e o fortalecemento da colaboración público-privada no ámbito da ciencia.

Neste sentido, a Fundación Galtia inspírase en modelos de éxito como ICREA e Ikerbasque. Funcionará como unha entidade da Xunta, sen estruturas propias de investigación pero fortemente conectada co ecosistema científico galego, particularmente as universidades públicas e os seus centros de investigación excelente agrupado na Rede CIGUS, os centros tecnolóxicos, as fundacións de investigación sanitaria ou o Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga), entre outros.

Aposta por reter e captar talento

En conxunto, Galtia contribuirá de forma decisiva á materialización dos obxectivos estratéxicos do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027, consolidando un sistema científico galego máis competitivo, internacionalizado e centrado nas persoas.

Con esta fundación, a Xunta de Galicia procurará atraer persoal científico de excelencia que actualmente traballa noutros países, primando a calidade e o valor estratéxico de cada incorporación e xerando un efecto tractor en toda a cadea de valor.

Súmase a outras iniciativas xa consolidadas na Comunidade neste eido, entre as que destaca o programa Oportunius, que atrae e retén investigadores que obtiveron as prestixiosas bolsas do Consello Europeo de Investigación (ERC). Tamén se continúa apoiando o desenvolvemento da carreira investigadora desde a súa fase inicial (con bolsas predoutorais e posdoutorais con opcións de estabilización) e todo un paquete de iniciativas para consolidarse mediante os grupos de investigación máis competitivos, a Rede CIGUS e un crecente ecosistema público-privado de I+D+i.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PROGRAMA OPORTUNIUS DA XUNTA REFORZA A CARREIRA DE SETE INVESTIGADORES QUE CAPTARON FONDOS DO ERC

- O Goberno autonómico dá luz verde a tres convenios de colaboración, dotados en total con 500.000€, co CSIC e as tres universidades públicas galegas
- O obxectivo é incentivar a permanencia na Comunidade destes científicos gañadores das bolsas do Consello Europeo de Investigación, as máis prestixiosas na UE
- Estes científicos están logrando captar máis de 25M€ para o sistema galego de I+D+i a partir dun investimento de 3M€ da Xunta

O Consello da Xunta aprobou hoxe tres convenios de colaboración para reforzar a carreira investigadora de sete profesionais que foron quen de acadar as bolsas máis prestixiosas da Unión Europea no ámbito científico, as concedidas polo Consello Europeo de Investigación (ERC). Trátase de acordos co Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e coas tres universidades públicas galegas, dotados con 500.000€, e que buscan reter o talento de máximo nivel no sistema da I+D+i da Comunidade.

Con estes acordos, que forman parte do programa autonómico Oportunius, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP complementará as bolsas comunitarias deste persoal que desenvolve o seu traballo en centros de coñecemento radicados en Galicia que recibirán deste xeito novos investimentos por parte da Xunta. Concretamente, o Goberno autonómico leva investidos nestes sete investigadores case 3M€, e eles están logrando captar máis de 25M€ para o sistema galego de investigación e innovación.

Dous dos convenios van dirixidos ao CSIC. En concreto, a Xunta apoiará a actividade do investigador Carlos Pérez, que traballa no Misión Biolóxica de Galicia (MBG), un centro situado na cidade de Pontevedra. Recibirá un complemento de 243.750€ durante catro anos. Este científico, beneficiario da modalidade *Consolidator Grant* do ERC no ano 2023, poderá así consolidar o seu equipo e programa de traballo en Galicia. Con esta mesma finalidade, o Executivo galego achegará 200.000€ durante catro anos para fomentar a permanencia de Jorge de Torres, investigador que desenvolve o seu labor no Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIT), con sede en Santiago de Compostela. No seu caso, conta cunha bolsa ERC concedida no ano 2020 na modalidade *Starting Grant*.

Pola súa banda, o terceiro convenio ten como destinatarias as tres universidades públicas galegas (Santiago de Compostela, Vigo e Coruña) para o financiamento dos grupos de investigación de cinco científicos beneficiarios das axudas do ERC. Cun importe de 62.000€, financiaranse durante dous anos os gastos estruturais dos seus proxectos logo de ter rematado xa o período de vixencia da axuda europea.

Os profesionais que se beneficiarán desta axuda son os seguintes: por parte da Universidade de Santiago de Compostela, Francisco Rivadulla, gañador dunha *Starting Grant*; Miguel Antonio López, gañador dunha *Consolidator Grant*, e José Luis Mascareñas Cid, gañador dunha *Advanced Grant*. Por parte da Universidade de Vigo, David Posada, beneficiario dunha *Consolidator Grant*, e por parte da Universidade da Coruña, Carlos Gómez, gañador dunha *Starting Grant*. En concreto, o complemento para cada un destes

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

investigadores ascende a 5.000 euros anuais no caso dunha *Starting Grant*, a 6.500 euros no caso dunha *Consolidator Grant* e a 8.000 euros para unha *Advanced Grant*.

Case 40 gañadores de ERC

Estes sete científicos forman parte dos 39 investigadores gañadores das axudas do Consello Europeo de Investigación, que lideran 49 proxectos en universidades e centros de investigación galegos. Unha vintena deles foron contratados directamente pola Axencia Galega de Innovación como persoal distinguido. Ademais, outros 31 quedaron finalistas nas convocatorias do ERC e recibiron apoio económico e asesoramento.

O programa Oportunius, que leva máis de dez anos ofrecendo oportunidades para desenvolver unha carreira científica de excelencia en Galicia, inclúe tamén acompañamento e formación por parte da Xunta para potenciais investigadores candidatos a unha ERC. Ata o de agora, avaliáronse un total de 331 candidaturas ao ERC e realizáronse 28 talleres de formación con 690 participantes. O investimento económico neste programa no período 2014-2024 ascendeu a 17 M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA POR CASE 7 M€ A XESTIÓN DAS RESIDENCIAS DE MAIORES DE BANDE E O CARBALLIÑO

O contrato terá unha duración inicial de dous anos, prorrogable ata un máximo de cinco.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación conxunta do servizo de atención residencial a persoas maiores dependentes nas residencias de Bande e O Carballiño, as dúas de titularidade autonómica. O obxectivo deste contrato é consolidar as prazas públicas xa existentes nestes dous centros, que suman un total de 130: 50 no de Bande e 80 no do Carballiño.

A duración inicial do contrato será de dous anos e abarcará desde a data da súa sinatura, prevista para o día 1 de marzo do 2026, ata o 29 de febreiro de 2028. Existe a posibilidade de prorrogalo por períodos máximos dun ano ata un total de cinco. O orzamento base de licitación é de 6,9 millóns de euros e o valor estimado do contrato, tendo en conta as posibles ampliacións, é de 19,9 millóns de euros.

Logo de autorización do Consello da Xunta de Galicia, publícase o anuncio de licitación na plataforma de contratos públicos de Galicia e no *Diario Oficial de Unión Europea* (DOUE), concedendo un prazo de 30 días naturais para a presentación de ofertas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZARÁ A REDE MUNICIPAL DE RECURSOS DE PROXIMIDADE NOS CONCELLOS DE TEO, OUTEIRO DE REI, RIBADEO E PUNXÍN

- Destínanse máis de 1,6 millóns de euros a catro convenios de colaboración para financiar dous centros de día, un centro social e obras no Hospital Asilo de Ribadeo
- A contratación e execución dos traballos corresponde ás administracións locais, que tamén son as responsables da titularidade e xestión dos centros

O Consello da Xunta autorizou hoxe a dinatura de catro convenios de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e os concellos de Teo, Outeiro de Rei, Ribadeo e Punxín, co obxectivo de reforzar e avanzar no desenvolvemento de recursos de proximidade que dean resposta ás necesidades de atención das persoas maiores en situación de dependencia. O montante total destes acordos supera os 1,6 millóns de euros.

O convenio co Concello de Teo ten un orzamento de 600.000 euros para o financiamento das obras de adaptación como Centro de Día dun inmovible adquirido polo ente local, actualmente sen uso. Esta colaboración permitirá a esta localidade coruñesa dispoñer dun servizo de atención diúrna do que carece e que terá unha capacidade máxima de 40 prazas.

A Xunta investira outros 600.000 euros na segunda fase do Centro de Día de Outeiro de Rei. Con estes fondos, completárase a rehabilitación e ampliación da antiga reitoral. En concreto, construírase unha nova edificación e restaurárase outra xa existente na parcela. As tres construcións estarán comunicadas e funcionarán de forma conxunta, dando cabida a todas as funcións propias dun centro de día.

No caso do acordo co Concello de Ribadeo, destinaranse 320.000 euros para sufragar traballos de acondicionamento para o equipamento do Hospital Asilo Municipal de San Sebastián e San Lázaro. Esta intervención inclúe a instalación dunha nova lavandería e cociña.

Por último, o Consello deu luz verde a un convenio co Concello de Punxín para a construción dun centro social na parroquia de Vilela, coa finalidade de dinamizar a participación veciñal. A contía deste acordo é de case 121.400 euros.

Nas catro actuacións serán os concellos os encargados da contratación e execución das obras. Tamén serán os responsables da titularidade e da xestión dos centros. A previsión é que todas as intervencións estean finalizadas o vindeiro ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INICIA OS TRÁMITES PARA A AMPLIACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE BÉRTOA EN CARBALLO, QUE INCREMENTARÁ A SÚA SUPERFICIE ACTUAL NUN 51 %

- O Goberno galego acelera os prazos para que esta actuación, cun investimento total de 28,2 millóns de euros, poida comezar os traballos no ano 2027
- A superficie do polígono, unha vez rematada as obras, superará os 1,8 millóns de metros cadrados

O Consello da Xunta tomou razón na reunión celebrada hoxe dos avances na tramitación do proxecto de ampliación do Parque Empresarial de Bértoa, no concello coruñés de Carballo. A actuación permitirá incrementar a superficie do polígono en 629.587 metros cadrados, o que supón un 51 % máis da capacidade actual (1.236.327 m²), dando deste modo resposta ás necesidades de solo existentes tanto no concello carballés coma na súa contorna.

Así, tras a aprobación o pasado mes de setembro do Plan estruturante de ordenación de solo empresarial (Peose), a Consellería de Economía e Industria, titular das competencias en materia de solo industrial, dá un paso máis co inicio da tramitación do proxecto de desenvolvemento urbanístico (PDU).

Agora, o proxecto someterase a avaliación de impacto ambiental tras o seu envío á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, que deberá emitir un informe preceptivo no prazo de tres meses para a súa probación inicial no primeiro trimestre do ano 2026. Deste modo, unha vez que o PDU sexa aprobado definitivamente, o Goberno galego poderá licitar as obras da ampliación deste parque empresarial coa previsión de comezar as obras de ampliación a principios do ano 2027. O prazo previsto de finalización dos traballos é de 18 meses.

Dous millóns de metros cadrados

A ampliación do polígono de Bértoa, promovida pola Sociedade de Xestión do Solo de Galicia (Xestur) corresponde á ordenación da denominada fase II e conta cun orzamento total de 28,2 millóns de euros. Permitira sumar 629.587 m² máis á superficie actual, é dicir, aumentar a capacidade do parque empresarial nun 51 % a través do sector A, que dispón dunha superficie total de 516.551 m², e do sector B, de 113.036 m². Unha vez concluídas as obras, a superficie do parque empresarial superará os 1,8 millóns de metros cadrados.

A ampliación do parque empresarial de Bértoa complementa a outras actuación que está a promover a Xunta de Galicia na provincia da Coruña como son os Peose de Coristanco, o parque empresarial de Cabana de Bergantiños, a ampliación do parque empresarial da Sionlla (Santiago de Compostela) ou a urbanización das derradeiras fases do parque empresarial de Morás en Arteixo. En total, suman case dous millóns de metros cadrados de solo empresarial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FOMENTA A MELLORA DAS HABILIDADES PROFESIONAIS DA CADEA DE VALOR DA INDUSTRIA FORESTAL CON MEDIO CENTO DE ACTIVIDADES FORMATIVAS

- O Goberno galego apoia con preto de medio millón de euros o desenvolvemento dunha nova edición do programa Xera-Savia, do que se beneficiarán 9 asociacións, centros universitarios e colexios profesionais do sector
- Grazas a este programa, o persoal traballador na industria da madeira terá a oportunidade de participar en actividades de formación non regradas e accións divulgativas que impulsen o coñecemento e a competitividade
- Os apoios enmárcanse dentro dos obxectivos da Axenda de impulso da industria forestal-madeira, unha folla de ruta deseñada conxuntamente cos principais axentes para potenciar o sector e fomentar a bioeconomía como motor de competitividade

O Consello da Xunta abordou esta mañá os resultados da última convocatoria do programa de axudas Xera-Savia. Unha iniciativa da Axencia Galega da Industria Forestal (Xera), dependente da Consellería de Economía e Industria, que busca mellorar e reforzar as habilidades profesionais do persoal traballador do sector para incrementar a competitividade e o coñecemento en todas as fases da cadea de valor. Grazas a esta nova convocatoria 9 asociacións, centros universitarios e colexios profesionais representativos da industria forestal-madeira galega organizarán 56 actividades formativas e de divulgación. Para elo, disporán dun orzamento de preto de 420.000 euros.

Nesta edición recibíronse un total de 12 solicitudes das que se admitiron a trámite 9 para a organización de 41 actividades formativas e 15 actividades de divulgación. Nomeadamente, resultaron beneficiadas as tres principais asociacións sectoriais (Fearmaga, Lugomadera e Asefoga), os dous clústeres sectoriais (Clúster da Madeira de Galicia e o Clúster da Biomasa de Galicia), as tres universidades galegas (Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña e o Centro de Estudos Superiores Universitarios de Galicia) e o Colexio Oficial da Enxeñaría Técnica Forestal de Galicia.

Máis polo miúdo, e con respecto ao programa de accións que se vai levar a cabo, as actividades de formación non regrada representan o groso do importe das axudas concedidas cun total de 381.006,44 €, destacando o incremento de actividades relacionadas coas novas tecnoloxías e a aplicación da intelixencia artificial no sector, con 19 actividades formativas programadas.

Así mesmo, as accións para mellorar as competencias profesionais en materia de construción en madeira acadan case o 30 % da contía das achegas, con 8 actividades formativas programadas por importe de 123.472,83 €. Mentres, os apoios para a organización de actividades de divulgación representan un importe de 37.852,06 €.

Unha edición con abondosas novidades

As bases da última convocatoria do programa de axudas Xera-Savia para a formación non regrada incorporaron abondosas novidades froito do traballo conxunto do Goberno

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

galego cos profesionais do sector e a súa cadea de valor, co fin de adecuar a oferta formativa ás necesidades reais.

Deste xeito, ademais da recuperación da liña de actividades de divulgación relacionadas coa industria forestal-madeira, o incremento da axuda máxima concedida por beneficiario pasa dos 60.000 euros da convocatoria anterior, aos 70.000 euros da actual. Así mesmo, establécense contías máximas para os custos das actividades de entre 300 e 500 euros/hora en función da tipoloxía da actuación e simplifícase a tramitación das solicitudes. E simplifícase a tramitación das axudas, reducíndose a carga administrativa na fase de solicitude e simplificando os criterios de avaliación, ao automatizar gran parte deles. Esta medida permitiu resolver a concesión das axudas nun prazo inferior a un mes desde o peche do prazo de presentación.

Desde que botou andar o programa Xera-Savia no ano 2018, concedéronse preto dun centenar de axudas (82) para a organización de accións formativas non regradas e de divulgación. Estes apoios enmárcanse dentro dos obxectivos da Axenda de impulso da industria forestal-madeira, unha folla de ruta deseñada conxuntamente cos principais axentes para potenciar o sector e fomentar a bioeconomía como motor de competitividade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE CARBALLO NA HUMANIZACIÓN E MELLORA DA AVENIDA DE FISTERRA, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 2 M€

- A intervención prevista no acordo hoxe autorizado busca actuar no treito desta travesía da AC-552, entre as rúas Río Anllóns e A Revolta, no obxectivo de satisfacer as necesidades de condutores e peóns, coa creación dun espazo máis versátil e seguro
- O Goberno galego contribuirá á financiación das intervencións coa achega do 70 % do orzamento das obras, máis de 1,4 M€
- No convenio inclúese o cambio de titularidade en favor do Concello deste treito da AC-552, entre os quilómetros 31+900 e o 32+920
- Pola súa banda, o Concello de Carballo asumirá o 30 % do investimento restante, case 613.000 euros, así como a redacción do proxecto das obras, e a execución das mesmas
- O Goberno galego segue a apoiar os concellos na transformación das vilas, na mellora da seguridade viaria e peonil a través de espazos públicos accesibles; e neste caso tamén na mellora a eficiencia dos servizos urbanos municipais

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Carballo, para o financiamento da humanización e mellora da avenida de Fisterra, que suporá un investimento que supera os 2 M€.

A través da actuación obxecto deste acordo, a Xunta ten como obxectivo apoiar o Concello no impulso das obras necesarias no treito desta travesía da estrada autonómica AC-552, entre a rúa Río Anllóns (quilómetro 31+930) e a rúa A Revolta (32+640), coa finalidade última de satisfacer as necesidades de todos os usuarios, os condutores e os peóns, coa creación dun espazo máis versátil e seguro.

Tamén, neste mesmo convenio, inclúese o cambio de titularidade en favor do Concello de Carballo do dominio público viario asociado a este treito da AC-552, entre o punto quilométrico 31+900 e o 32+920.

O Goberno galego contribuirá á financiación das intervencións coa achega do 70 % da execución das obras, é dicir, máis de 1.4 M€. Tamén A Xunta, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, tramitará o expediente de cambio de titularidade do dominio público viario do tramo da AC-552.

Pola súa banda, o Concello de Carballo asumirá o 30 % do investimento restante, preto de 613.000 euros, así como a redacción do proxecto das obras, e a execución das mesmas. Previamente á adxudicación das obras, deberá terse tramitado o expediente de cambio de titularidade.

A sinatura deste convenio, que terá vixencia ata o ano 2028, xa supón o acordo entre ámbalas dúas administracións para a tramitación do expediente de cambio de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS


titularidade. A correspondente acta de entrega será asinada antes do inicio da execución das obras.

A actuación

En concreto, as actuacións propostas para o acondicionamento e a humanización do citado treito de algo máis de 700 metros de lonxitude entre as rúa Río Anllóns e a Revolta, divídese en dous tramos; un de carácter urbano de 483 m entre as rúas Río Anllóns e a Avenida da Milagrosa, e outro de carácter periurbano, de 227 m entre a Avenida da Milagrosa e a rúa da Revolta.

Nos dous treitos renovaranse os servizos urbanos subterráneos: saneamento, electricidade e comunicacións e recolocaranse as columnas de alumeadado no seu novo emprazamento. Tamén se dotaran os espazos de mobiliario urbano, plantarase céspede en árbores nas zonas axardinadas.

O Goberno galego segue a apoiar os concellos e a promover a transformación das vilas. Con esta colaboración favorécese a seguridade viaria e peonil a través de espazos públicos accesibles, e tamén se colabora na mellora da eficiencia dos servizos urbanos municipais, que nesta obra suporán o 35 % do seu custo.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DO VALADOURO PARA HUMANIZAR A PRAZA DE SANTA MARÍA EN FERREIRA, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE PRETO DE 220.000 EUROS

- O Goberno galego autoriza o acordo polo que cofinanciará esta obra, cunha achega autonómica de máis de 153.000 euros, nesta zona da vila con edificios catalogados pola súa singularidade arquitectónica e co cruceiro no lado oeste
- A obra céntrase na cara leste da praza, e inclúe beirarrúas, viario leste e semirotonda leste, demolición dos pavimentos e execución dunha rasante continua, para evitar bordos e desniveis e facilitar a circulación peonil
- Manterase a diferenciación entre zonas peonís e de uso compartido co tráfico vehicular usando diferentes pavimentos e a rigola de formigón prefabricado delimitando os diferentes espazos
- Destacas nesta intervención a limpeza e rexuntado dos muros da contorna, banco de pedra e punto de luz, a substitución de varanda existente xunto ao desnivel ou a limpeza do cruceiro
- A execución das obras enmárcase no Plan Hurbe, un programa impulsado pola Xunta co se contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade como motores de dinamización

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do acordo de colaboración co Concello do Valadouro para financiar a execución de obras de humanización na praza de Santa María en Ferreira, que suporá un investimento de preto de 220.000 euros.

Trátase de actuar nunha destacada zona da vila de Ferreira, con numerosos edificios catalogados pola súa singularidade arquitectónica e co cruceiro no lado oeste da praza.

Na actualidade, a praza de Santa María presenta unha configuración de rotonda partida para reordenar o tráfico. As beirarrúas perimetrais e as dúas semirrotondas están pavimentadas en granito, o vial central é de formigón e ao redor da praza o pavimento é de aglomerado. A semirrotonda este presenta, ademais, un chanzo de función descoñecida e adoita empregarse para situar postos de venda ao público en determinadas feiras municipais.

Ademais, as beirarrúas perimetrais non están adaptadas á mobilidade reducida e son bastante estreitas, o que resulta incómodo cando se cruzan dúas persoas e, sobre todo, se algunha delas leva unha cadeira de rodas, carriño de bebé, etc.

A través desta colaboración, a actuación proxectada céntrase no lado leste da praza, e inclúe beirarrúas, viario leste e semirotonda leste. Demoleranse os pavimentos existentes e executarase unha rasante continua, para evitar bordos e desniveis e facilitar a circulación peonil. Con todo, manterase a diferenciación entre zonas peonís e de uso compartido co tráfico vehicular usando diferentes pavimentos e a rigola de formigón prefabricado delimitando os diferentes espazos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O acabado do novo viario este será de formigón desactivado e as beirarrúas serán de baldosa de granito, para poder empregalo esporadicamente como zona de mercado. O espazo do viario central que se afecta mantén o tratamento da actualidade.

A actuación complétase con liñas de alumeadado público e a disposición de bancos, papeleiras e xardineiras circulares, que se poidan mover en caso de ocuparse a praza con algún mercado ou actuación.

Como traballos destacados nesta intervención, se inclúe a limpeza e rexuntado dos muros da contorna, banco de pedra e punto de luz, a substitución de varanda existente xunto ao desnivel ou a limpeza do cruceiro.

O Goberno galego cofinanciará nun 70 % estas intervencións, cun investimento de case 155.000 euros, e contratará e executará as obras. Pola súa banda, o Concello do Valadouro achegará o 30 % restante do custo das actuacións, preto de 66.000 euros, realizará as xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, e comprométese á recepción, mantemento e conservación das actuacións que incorporará ao patrimonio público municipal.

O acordo autorizado hoxe polo Executivo autonómico enmárcase no Plan Hurbe. o programa impulsado polo Goberno galego co fin de axudar ás administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas, coincidentes neste caso coa realización de actuacións de mellora de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

A través de liñas de colaboración cos concellos como o Plan Hurbe, a Xunta contribúe a promover o desenvolvemento das vilas e núcleos rurais da comunidade autónoma como motores de dinamización ao converterse en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

O convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, que permitirá acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións, producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

PLANO REPRESENTATIVO




FOTO REPRESENTATIVA da proposta:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A SÚA APOSTA POLA REHABILITACIÓN EN VIGO MULTIPLICANDO POR MÁIS DE CATRO O SEU INVESTIMENTO NO CONSORCIO CASCO VELLO

- O Consello da Xunta da luz verde á renovación da sexta prórroga do convenio do Consorcio Casco Vello de Vigo
- A achega anual da Xunta multiplícase por máis de catro, pasando de 1,6 millóns en catro anos a 7,11 M€ para o período 2026-2029
- O novo plan sinala 25 inmobles como obxectivo de actuación prioritaria para acadar 59 novas vivendas
- O Goberno galego achegou máis 30,5M€ ao CCVV dende a súa creación
- Desde a súa posta en marcha, esta entidade local de dereito público adquiriu 93 inmobles e rehabilitou 142 vivendas e 36 locais na cidade

A Xunta de Galicia deu hoxe o seu visto e praxe ao Plan de Acción do convenio do Consorcio Casco Vello de Vigo (CCVV), para a que o Goberno galego consigna 7.113.010€ nos próximos 4 anos, multiplicando por máis de 4 a súa aportación. Pola súa banda, a achega do Concello de Vigo será de 790.334€ en total. O acordo terá vixencia ata o 31 de decembro de 2029, prazo no que se estima que se pode acadar un avance substancial nos obxectivos de rehabilitación propostos. A Xunta aportará 1,7M€ o próximo 2026.

O Consorcio do Casco Vello de Vigo foi constituído en febreiro de 2005 cunha vixencia por seis anos pero, por iniciativa da Xunta de Galicia, asináronse novos acordos para dar continuidade ao convenio, ata sumar seis prórrogas. Esta entidade local de dereito pública ten como obxectivo acometer actuacións e intervencións que contribúan ao proceso de recuperación do Casco Vello da cidade olívica, mediante a adquisición de terreos ou a adquisición de construcións para a súa posterior rehabilitación. O Goberno galego achegou máis 30,5M€ ao CCVV dende a súa creación.

Dende 2005 o Consorcio Casco Vello adquiriu 93 inmobles e rehabilitou 142 vivendas e 36 locais. 81 edificios xa están rehabilitados, e dese total, foron destinadas á venda 130 e 8 están destinadas a realoxos ou alugueiro. Por último, 4 están pendentes de escritura pública de venda. Ao tratarse de vivendas protexidas, todas foron adxudicadas a través do Rexistro de Demandantes de Vivenda.

Na actualidade está en execución unha actuación en Elduayen 39– Ferrería 16, para 5 vivendas. Por último, 12 edificios dos xa rehabilitados foron transmitidos a diferentes institucións.

No novo plan ata 2029 un total de 25 inmobles están cualificados como obxectivo de actuación prioritaria, para acadar 59 novas vivendas protexidas e 12 locais comerciais na zona histórica

Vivendas sorteadas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As vivendas rehabilitadas polo CCVV son ofertadas aos cidadáns baixo cualificación de vivendas de protección autonómica. Os últimos fogares sorteados, neste caso en réxime de compravenda, foron adxudicadas o pasado 13 de outubro. Concretamente, catro vivendas rehabilitadas no barrio histórico vigués en Ribeira do Berbés 39-San Francisco 2 e San Sebastián 20-Hortas 2/4.

Actuacións da Xunta en Vigo

O Goberno galego ten planificadas na cidade 5.300 vivendas, en Navia e nos ámbitos do Ofimático e Ramón Nieto. Dos 1.600 fogares previstos de nova construción en Navia, 1.000 xa están en marcha en diferentes fases de execución e xa en obras, preto de 100. No marco da Estratexia Galega de Solo Residencial, estase xa a traballar nos proxectos de interese autonómico no Ofimático e Ramón Nieto para habilitar solo para 2.300 e 1.400 vivendas, respectivamente.

A Xunta está a facer un investimento sen precedentes na cidade olívica, con 248M€ comprometidos, dos que 134M€ xa están en execución, incluíndo 15,6M€ procedentes de fondos europeos.

O compromiso do Goberno galego queda patente está nos orzamentos da Xunta para o 2026, nos que ten consignados 107M€ en materia de vivenda e infraestruturas para Vigo, dos que case 100M€ son para vivenda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA REAL ACADEMIA DE MEDICINA DE GALICIA PARA ADAPTAR E ACTUALIZAR O FUNCIONAMENTO DA INSTITUCIÓN

- O novo texto, impulsado pola propia institución, posibilita a celebración das súas reunións na modalidade telemática e incorpora a perspectiva de xénero a todo o seu marco normativo
- A Real Academia de Medicina poderá subscribir un convenio coa Xunta para que os letrados da Administración poidan defender os intereses xurídicos da institución en casos especiais
- A modificación estatutaria incorpora un novo artigo referido á responsabilidade disciplinaria para velar polo prestixio da institución e no que se incide nos deberes e as obrigas do persoal académico
- Tamén se concreta un mecanismo para que os académicos, que voluntariamente manifesten a súa dispoñibilidade, poidan emitir informes periciais no caso de seren requiridos por parte os organismos xudiciais
- Os novos estatutos precisan con maior detalle a composición dos órganos de goberno e as súas funcións e permitirán que a Real Academia poida destinar parte do seus recursos á constitución de entes fundacionais

O Consello da Xunta aprobou esta mañá, na súa xuntanza semanal, a modificación dos estatutos da Real Academia de Medicina de Galicia co obxectivo de adaptar e actualizar o funcionamento da institución.

A modificación estatutaria mellorará a técnica normativa da Real Academia, modernizando a súa organización e axilizando o desenvolvemento das súas funcións. Así, no referido ao emprego das novas tecnoloxías, posibilitará a celebración de reunións en modalidade telemática, algo que ata o de agora se limitaba ao carácter presencial. Ademais, o novo texto incorporará a perspectiva de xénero a todo o seu marco normativo.

Entre os cambios introducidos destaca a posibilidade de que a institución poida subscribir un convenio coa Asesoría Xurídica da Xunta, co fin de que os letrados da Administración autonómica poidan asesorar e defender os intereses xurídicos da Real Academia en casos especiais.

O estatuto incorporará un artigo de nova redacción que terá por obxecto velar polo prestixio, honorabilidade e a historia da Real Academia de Medicina. Neste sentido, incluírá un punto en que se definirá a responsabilidade disciplinaria dos seus académicos, así como as posibles sancións no caso de incumplir as súas obrigas ou de manter unha conduta non axeitada.

Do mesmo xeito, os novos estatutos concretan un mecanismo para que os académicos, que voluntariamente manifesten a súa dispoñibilidade, poidan emitir informes periciais, no caso de seren requiridos estes por parte os organismos xudiciais. Neste caso, os

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

membros que decidan activar a súa función pericial deberán formar parte dunha listaxe que, de xeito anual, se actualizará e ordenará cada mes de xaneiro.

Por últimos, entre os trocos máis salientables tamén cómpre remarcar que os novos estatutos precisan con maior detalle a composición dos órganos de goberno e as súas funcións, e que permitirán que a Real Academia de Medicina de Galicia poida destinar parte do seus recursos propios á constitución de entes fundacionais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA POR 3,2 M€ A COMPRA DE TUBOS DE EXTRACCIÓN DE SANGUE PARA A SÚA UTILIZACIÓN NAS PROBAS DIAGNÓSTICAS NOS CENTROS DO SERGAS

- A compra centralizada suporá un aforro de preto de 72.000 euros por ano
- O contrato tamén recolle a adquisición do sistema de xestión que garanta o control da rastrexabilidade das mostras, permitindo a monitorización de tempos e temperaturas desde os puntos de extracción ata os laboratorios de referencia

O Executivo galego autorizou a contratación, por un importe de 3.178.385 euros e para un período de tres anos, da subministración sucesiva de tubos de extracción de sangue por baleiro e sistema de control da rastrexabilidade de mostras con destino ás sete áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

O valor estimado do contrato elévase ata os 4,9 millóns de euros se se teñen en conta as posibles prórrogas, por un máximo de dous anos máis.

O Executivo galego continúa coa contratación centralizada deste tipo de material, o que permitirá un aforro estimado de preto de 72.000 euros ao ano.

O contrato consiste en adquirir sistemas de tubos de diferentes características destinados á extracción de sangue por baleiro, asegurando o tipo de mostra e a súa calidade, para a súa utilización en distintas probas diagnósticas desenvolvidas nos laboratorios clínicos dos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde.

Entre os tubos existen diferenzas que permiten obter distintos tipos de mostras requiridas para cada técnica analítica (plasma, sangue, etc.).

O contrato tamén recolle a adquisición do sistema de xestión que garante o control da rastrexabilidade das mostras durante a fase preanalítica, permitindo a monitorización de tempos e temperaturas dende os puntos de extracción ata os laboratorios de referencia.

O consumo deste material foi de 9.475.584 unidades durante o ano 2022; de 10.491.950 unidades en 2023; e de 10.867.950 unidades o pasado ano 2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A VENDIMA REMATA NAS CINCO DENOMINACIÓNS DE ORIXE GALEGAS CON PRETO DE 76 MILLÓNS DE QUILOS DE UVA RECOLLIDOS, A TERCEIRA MÁIS ABONDOSA DA HISTORIA

- Rueda salienta que as denominacións de orixe Rías Baixas e Monterrei son as que experimentaron un maior incremento na recollida de uva, chegando a rexistrar récords absolutos
- As de Ribeiro, Valdeorras e Ribeira Sacra experimentaron un lixeiro descenso
- Destaca que o Goberno galego destinará “arredor de 12 millóns de euros o vindeiro ano en diferentes axudas” para apoiar o sector vitivinícola

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que a campaña da vendima deste ano “pechouse con case 76 millóns de uvas recollidos, sendo a terceira máis abundosa desde que hai datos”, logo da de 2011 e 2023, segundo amosa un informe cos datos achegados polos consellos reguladores.

En concreto, as máis de 7.600 explotacións e 400 adegas das denominacións de orixe de Galicia recolleron 75.871.804 quilos de uva, cun incremento do peso relativo da uva branca. Xa representa máis do 90% da colleita con 68.642.691 quilos, mentres que a uva tinta achegou 7.229.113 kg ao total vendimado.

Rueda destacou que, neste campaña, “Rías Baixas e Monterrei incrementaron a uva recollida chegando a récords históricos mentres no Ribeiro, Valdeorras e Ribeira Sacra rexistraron lixeiros descensos”. A caída nalgunha delas está, en boa medida, relacionada coa seca prolongada deste verán, que deu lugar a acios con menos peso. Ademais, cómpre lembrar que algunhas zonas se viron afectadas pola vaga de incendios do pasado mes de agosto, aínda que os datos absolutos non reflicten unha afectación relevante.

Por denominacións de orixe

Na seguinte táboa figuran os datos correspondentes á vendima de 2025 segundo as diferentes denominacións de orixe:

Denominación de orixe	Colleita (Kg)
Rías Baixas	47.512.999
Ribeiro	8.116.921
Ribeira Sacra	4.617.965
Valdeorras	7.551.134
Monterrei	8.072.786
Total	75.871.804

Na denominación de orixe Rías Baixas, a cantidade de uva que entrou nas adegas supuxo un incremento dun 20 % respecto da media do decenio 2016-2025 e foi un 13 % superior á da campaña 2024. Esta DO caracterízase polo predominio das variedades de uva branca, cun 99 % do recollido. Entre elas destaca a albariña, que cun 97 % do total producido é a gran protagonista da denominación. Cómpre salientar que, por primeira

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

vez, rexistrouse a entrada de uva da variedade branca ratiño galega, admitida para esta DO no ano 2023.

A denominación de orixe Ribeiro é a segunda en canto a volume recollido, cun 27 % de cantidade de uva menos que na campaña pasada, condicionada pola seca prolongada deste verán. Esta denominación está especializada na produción de viños brancos e, de feito, as variedades brancas representan un 95 % do total, fronte ao 5 % das tintas.

Na Ribeira Sacra, a cifra de uva vendimada é inferior á da pasada campaña, debido fundamentalmente á actual crise de excedentes polo descenso do consumo en xeral dos viños tintos. Nesta denominación de orixe o peso das variedades tintas chegou nesta vendima ata o 77 % da uva recollida, mentres que o das brancas quedouse nun 23 %.

A uva recollida en Valdeorras supón un incremento dun 20 % respecto da media dos últimos dez anos, pese a que descende nun 8 % con respecto á campaña precedente. En canto ao reparto varietal, nesta vendima colleitouse un 83 % de uva branca e un 17 % de tinta. Entre as brancas, destaca a variedade godello, a máis característica de Valdeorras, que representa o 95 % das uvas brancas.

Pola súa banda, o balance na denominación de orixe Monterrei é moi positivo, xa que acadou un récord absoluto de quilos colleitados, cun aumento do 5 % respecto do ano pasado e dun 35 % sobre a media do decenio 2016-2025. Neste territorio, a variedade godello supón o 64 % de toda a uva vendimada e o 81 % da branca, mentres que a mención representou un 16 % de todas as variedades recollidas e o 77 % se o referimos ás tintas. Nesta DO destacan as variedades brancas, cun 79 % do total colleitado, fronte a un 21 % de tintas.

Apoios ao sector vitivinícola galego

Desde o Goberno galego apóiase ao sector vitivinícola, que tanta relevancia ten para a economía na nosa comunidade. Por iso, Rueda resaltou que no vindeiro ano 2026 destinaranse “arredor de 12 millóns de euros en diferentes liñas de axudas” para a reestruturación e reconversión de viñado, para a promoción do viño galego en mercados de terceiros países ou para a elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas, entre outros apoios. Tamén cómpre mencionar as axudas para a conservación da contorna paisaxística e a loita contra a erosión nos viñedos da Ribeira Sacra e ademais, dada a importancia da promoción, no vindeiro ano reforzarase o Plan Saborea Calidade Diferenciada cun investimento de 10 millóns de euros, dous máis con respecto a este 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O 'ATLAS DE COVAS E CANÓNS DE GALICIA', CUN MILLEIRO DE ESPAZOS REXISTRADOS, SERVIRÁ DE BASE DE DATOS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS, EDUCATIVAS OU EMERXENCIAS

A Xunta de Galicia apoia a Federación Galega de Espeleoloxía con 26.750 euros para a realización deste proxecto que permite contar coa información das covas e dos canóns en tempo real e de xeito portátil

O Consello da Xunta foi informado sobre o 'Atlas de Covas e Canóns de Galicia' realizado pola Federación Galega de Espeleoloxía en colaboración coa Xunta nun traballo comezado en 2020 e que conta xa con máis de 1.000 espazos entre cavidades e canóns documentados e máis de 30 quilómetros de elementos topografiados e estudados. O obxectivo do Atlas é ser dinámico polo que, unha vez definida a plataforma base, seguirá medrando de cara a manter o mundo subterráneo galego actualizado.

Neste sentido, cómpre salientar o grande interese que está xerando a catalogación de cavidades e canóns en Galicia dentro da comunidade espeleolóxica de España, destacando a importancia dos xacementos galegos como a Cova do Rei Cintolo, a cova máis grande de Galicia e a que conta con maior percorrido horizontal. A Secretaría Xeral para o Deporte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes considerou o devandito atlas como un proxecto de especial relevancia nos convenios de colaboración subscritos coa Federación Galega de Espeleoloxía cun financiamento de 26.750 euros por parte do Goberno galego.

Este proxecto céntrase no uso de aplicacións móbiles que permitan contar coa información das covas e dos canóns en tempo real e de xeito portátil. O "Atlas de Covas e Canóns de Galicia" utiliza as plataformas Qgis e Qfield, que permiten o traballo tanto en campo como en gabinete de material cartográfico. Son de código aberto, versátiles e traballan con todos os sistemas operativos. O coñecemento da situación de todos os elementos dispostos no Atlas, servirá para a planificación de actividades deportivas, pero tamén para centros educativos, investigadores, servizos de emerxencia, servizos xeográficos, empresas de turismo activo, divulgadores, servizos de protección da natureza, así como calquera persoa que queira coñecer o mundo subterráneo galego.

O "Atlas de Covas e Canóns de Galicia" reúne as catro paisaxes subterráneas galegas (carst, pseudocarst, paracarst, covas de consecuencia), as construcións subterráneas máis singulares e os canóns equipados para a práctica deportiva. Trátase dun catálogo exhaustivo de covas, barrancos e canóns, que ofrece todos os datos posibles sobre cada un deles, tanto para facer máis doada e segura a visita como para permitir a análise da información unha vez esta dixitalizada. A Federación utiliza información básica e cartografía recollida na plataforma de Información Xeográfica de Galicia da Xunta.

O "Atlas de Covas e Canóns de Galicia" é un dos proxectos máis ambiciosos en toda a espeleoloxía nacional e pioneiro en Europa xa que aínda que existe algunha experiencia similar, ningunha co alcance territorial do atlas galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA MOBILIZA 103 M€ PARA PALIAR O IMPACTO SOBRE OS CONCELLOS DO 'TAXAZO' DO LIXO E DAS ÚLTIMAS MEDIDAS ADOPTADAS POLO GOBERNO CENTRAL

- Salienta que “Galicia é a única comunidade” en ofrecer estes apoios ás entidades locais para esta materia
- Os esforzos da Xunta contrastan coas políticas fiscais e penalizadoras do Goberno estatal, con novos impostos e a fixación de prazos máis restritivos que os da UE
- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático salienta os 21,1 M€ achegados en 2025 polo Goberno galego para asumir o 60% da suba do canon de Sogama derivada dos novos impostos estatais ou os 11,5 M€ concedidos en axudas a 170 entidades locais para executar proxectos neste eido
- A Xunta impulsou tamén a Rede galega de infraestruturas para biorresiduos, cun investimento de 45 M€ e xa operativa, e a primeira planta pública de clasificación de residuos téxtiles, en construción desde o pasado verán e cun custo de 22,5 M€
- Os investimentos da Xunta neste eido complementáanse con medidas para optimizar a xestión do lixo a través de asesoramento ou da aposta pola dixitalización e coa negociación de novos convenios cos produtores para incrementar os ingresos locais

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que o Executivo autonómico “mobilizou 103 millóns de euros desde 2022” para apoiar os concellos galegos no exercicio das súas competencias en materia de residuos “e paliar o impacto do *taxazo* do lixo” imposto polo Goberno central nas arcas municipais. Nesta liña lembrou que “Galicia é a única comunidade con achegas para apoiar aos concellos” nesta materia.

Así se recolle nun informe do que tomou razón esta mañá o Consello e que detalla as principais actuacións, proxectos e transferencias directas realizadas por parte do Executivo autonómico co fin de garantir o mantemento duns servizos municipais básicos e, á vez, axudar ás entidades locais a cumprir coas novas obrigas e obxectivos europeos no eido dos residuos, que poñen o foco sobre todo na prevención —para reducir a produción de lixo— e no fomento da reciclaxe —unha vez depositados—.

Rueda lembrou que o escenario actual está marcado pola entrada en vigor da nova taxa de recollida e xestión do lixo (o chamado *taxazo*), de carácter obrigatorio desde o pasado 10 de abril para os concellos de todo o país e que provocou, a nivel nacional, unha recente cadea de reaccións e protestas a raíz da emisión dos primeiros recibos en incorporar este gravame. As diferencias nos importes a pagar por un fogar tipo en función do municipio no que estea localizado “poden chegar a ser de ata 230 euros”, segundo explicou.

A obriga de introducir esta nova taxa nas ordenanzas fiscais municipais foi incorporada e regulada a través da Lei estatal de residuos e solos contaminados para unha economía circular, aprobada no ano 2022. “Unha lei que a Xunta desde o primeiro momento considerou inxusta”, indicou a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno central argumentou entón que o facía en cumprimento da normativa comunitaria pero a propia Comisión Europea desmentiu esta premisa, ao aclarar en varias respostas parlamentarias que a Directiva sobre residuos non impón a creación de ningunha taxa de lixo senón que son os estados membros os que escollen os instrumentos a aplicar para garantir que se cubran os custos íntegros de xestión dos residuos urbanos —recollida, transporte e reciclaxe—. “A Unión Europea daba diferentes alternativas”, asegurou a conselleira.

A norma estatal sobre residuos tamén regulaba aspectos relacionados coas novas obrigas a nivel europeo á hora de separar determinadas fraccións do lixo, establecendo incluso prazos máis restritivos que os fixados pola propia UE.

En concreto, a lei estatal de 2022 impuña ás entidades locais de máis de 5.000 habitantes a implantación de sistemas de recollida separada para a materia orgánica (os chamados biorresiduos) antes do 30 de xuño de 2023, é dicir, reducindo en seis meses o prazo marcado polas autoridades comunitarias. A Xunta solicitou unha prórroga ao Goberno central, sen éxito, co argumento de que para a maior parte dos concellos afectados sería inasumible implantar nos seus respectivos territorios a recollida selectiva desta fracción no prazo legalmente establecido en España.

A petición do Goberno galego baseábase no coñecemento das dificultades económicas e loxísticas coas que moitas entidades locais afrontan as novas exixencias a nivel nacional e comunitario en materia de xestión e tratamento dos residuos urbanos, uns servizos que son de competencia municipal pero nos que a Xunta leva anos colaborando por diferentes vías, co fin de optimizar o seu funcionamento e garantir que a Comunidade, no seu conxunto, se achegue aos estándares comunitarios nun eido clave para avanzar en termos de sostibilidade e de economía circular.

Este contexto a nivel municipal vese agravado polas políticas fiscais impulsadas desde Madrid nos últimos anos en materia de residuos e que apostan máis por penalizar ás administracións locais e aos distintos axentes implicados na xestión do lixo que por medidas incentivadoras e que recompensen as boas prácticas.

Resposta aos desafíos para unha xestión sostible do lixo

Ante os desafíos que afronta Galicia en materia de xestión de residuos, a Xunta ten intensificado desde 2022 o seu apoio técnico e económico aos concellos neste eido. Así, Rueda destacou o impulso e posta en marcha dunha completa Rede pública de infraestruturas para a xestión dos biorresiduos, con 13 plantas de transferencia e 4 de compostaxe nas que se investiron 45 millóns de euros e que xa está plenamente operativa desde este verán. Deste xeito, garátese que os 295 concellos adheridos ao modelo Sogama “teñan algunha destas instalacións a menos de 50 quilómetros de distancia”, indicou a conselleira.

A maiores e co fin de adaptar o servizo que ofrece o complexo medioambiental de Cerceda á xestión doutras fraccións e facilitar o cumprimento da nova obriga municipal de separar o material téxtil desde xaneiro deste ano, o pasado maio adxudicáronse as

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

obras da primeira planta pública de clasificación de residuos téxtiles de Galicia por case 22,5 millóns, que, previsiblemente, estará concluída e en marcha a mediados de 2026.

Ademais, en resposta ás últimas medidas fiscais introducidas polo Goberno central nos dous últimos anos, como o novo imposto ao vertido e á incineración, a recuperación do gravame sobre a produción de enerxía ou a máis recente taxa do lixo, a Xunta decidiu asumir con fondos propios o 60 % da suba do canon que percibe Sogama por recibir e tratar os residuos dos concellos adheridos ao seu sistema.

Esta decisión traducíuse en 2025 nun desembolso por parte do Goberno galego de 21,1 millóns de euros —12,1 millóns distribuídos entre os 313 concellos a través do Fondo de cooperación local e 9 millóns transferidos a Sogama para cubrir a tarifa de canon reducido— que contribuíron a reducir o impacto económico que están a ter sobre as arcas municipais os novos impostos e políticas estatais relacionados coa xestión do lixo.

O apoio técnico e económico aos concellos para acompañalos no esforzo que realizan neste eido traducíuse tamén este ano en 11,5 millóns de euros outorgados a 170 entidades locais a través de distintas axudas para financiar proxectos e investimentos que melloren a recollida dos residuos domésticos, perigosos, voluminosos e aparellos eléctricos e electrónicos así como dos biorresíduos, aceites de cociña usado ou residuos téxtiles, un esforzo que se manterá en 2026 coa convocatoria por parte da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático de novos incentivos dirixidos aos concellos, entre os que destaca, por exemplo, a liña de achegas para dixitalizar a recollida do lixo.

Maiores compensacións por parte dos SCRAPs

Os investimentos do Goberno galego neste eido complementáanse, ademais, con outro tipo de medidas máis difíciles de cuantificar pero que contribúen de igual xeito a optimizar a xestión do lixo e a facilitar o mantemento do servizo a nivel municipal. Neste sentido, cómpre citar o plan de transformación dixital no que está inmersa a empresa pública Sogama, cun investimento previsto de case 2,8 millóns de euros e con medidas concibidas especificamente para mellorar a comunicación e o servizo ofrecido aos concellos, como o chamado Portal do cliente, un sistema de xestión pioneiro que axilizará o intercambio de datos e información relacionada cos seus residuos.

Así mesmo, tamén se puxo en marcha e á disposición de todos os concellos interesados a Oficina técnica de economía circular, cun investimento de case 600.000 euros e á que xa están a acudir desde o seu lanzamento o pasado mes de maio en busca de asesoramento e ideas para adaptar a xestión que fan nesta materia aos principios de eficiencia e aforro.

Por último, cómpre lembrar que a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático tamén asumiu este ano un papel clave na negociación dos novos convenios marco con distintos sistemas colectivos de responsabilidade ampliada do produtor (SCRAPs), para conseguir unhas condicións máis vantaxosas e mellorar os ingresos para as arcas locais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Froito desta mediación asináronse convenios cos SCRAP que xestionan os envases domésticos de vidro, as pilas e acumuladores e os residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, con incrementos nas compensacións que percibirán a partir de agora os concellos asinantes que oscilan, de media, entre os 30 euros/tonelada e os 99 €/Tn.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITARÁ POR MÁIS DE 430.000 EUROS A REFORMA DO CRUZAMENTO DE SETADOS NA PO-400, NO CONCELLO DAS NEVES

- Trátase de actuar na intersección situada no quilométrico 9+980 desta vía, punto de acceso principal a esta parroquia do municipio pontevedrés
- A intervención permitirá aumentar a visibilidade e reforzar a seguridade viaria nos movementos de tráfico deste cruce
- Para iso desprazarase uns 55 metros a intersección ata o punto quilométrico 10+035, co fin de ampliar a calzada e dar cabida aos carrís de xiro e aos de acceso, asegurando a visibilidade dos vehículos que entran e saen da parroquia
- A intervención inclúe o desvío para conectar a vía municipal coa estrada autonómica de forma segura
- As obras licitaranse nas vindeiras semanas co obxectivo de executarse ao longo do 2026, xa que contan cun prazo de execución de 6 meses

O Consello da Xunta deu conta hoxe da próxima licitación das obras de reforma do cruzamento de Setados na estrada PO-400, no concello das Neves, por un orzamento de máis de 430.000 euros.

Trátase de intervir na intersección situada no quilométrico 9+980 desta vía autonómica, punto de acceso principal á parroquia de Setados. O obxectivo do Goberno galego con esta actuación é mellorar as condicións dese cruzamento de Setados, aumentando a visibilidade e reforzando a seguridade viaria nos movementos de tráfico. Esta nova actuación da Xunta permite acometer unha intervención máis ampla, tras terse executado hai uns anos pequenas actuacións destinadas a mellorar a contorna.

En concreto, as obras obxecto de contratación consistirán na substitución da intersección actual por unha con carrís centrais de espera (aceleración e deceleración), que permita realizar manobras cun maior grao de seguridade.

O cruzamento actual da PO-400 coa vía municipal que conecta cos núcleos da Laxe e da Igrexa presenta na actualidade problemas de visibilidade, está moi próximo a unha vivenda e hai un cambio de rasante próximo.

Tendo en conta iso, a actuación que a Xunta se propón contratar supón desprazar a intersección ata o punto quilométrico 10+035, é dicir, uns 55 metros. Iso fai posible ampliar a calzada para dar cabida aos carrís de xiro e aos de acceso, asegurando a visibilidade dos vehículos que entran e saen da parroquia de Setados.


Ademais desa ampliación da calzada da PO-400 e do desprazamento do cruzamento, a intervención deseñada inclúe o desvío para conectar a vía municipal coa estrada autonómica de forma segura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A intervención de mellora da intersección inclúe alumado público, ampliando a rede existente na travesía da PO-400 ata a zona de intersección.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas executar e rematar as obras no 2026, toda vez que o prazo de execución dos traballos é de 6 meses.

O Goberno galego continúa mellorando a rede viaria autonómica para reforzar a seguridade viaria e a comodidade dos usuarios, así como para impulsar unha mobilidade máis sostible.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACORDA A CONTRATACIÓN DA OBRA DE MELLORA DA DRENAXE DAS ESTRADAS PO-550 E PO-504 EN MEAÑO E SANXENXO, POR UN INVESTIMENTO DE CASE 530.000 €

- Trátase de resolver os problemas detectados na interconexión entre as redes de pluviais e fecais destas dúas vías autonómicas nos estudos do Plan de saneamento local na ría de Arousa
- Completarase así a mellora da accesibilidade peonil no itinerario desta vía, dando continuidade ao itinerario peonil na marxe esquerda da PO-504 en Sanxenxo, completando as accións xa executadas de mellora da seguridade viaria
- A Xunta licitará nas vindeiras semanas as obras para inicialas ao longo do 2026

O Goberno galego deulle hoxe o seu visto e praxe á contratación da execución das obras de mellora da drenaxe das estradas autonómicas PO-550 e PO-504 en Meaño e en Sanxenxo.

A previsión da Xunta e licitar os traballos nas vindeiras semanas por un importe que roldará os 530.000 euros. A actuación ten un prazo de execución de 12 meses.

Esta intervención está coordinada entre as consellerías de Medio Ambiente e Cambio Climático e de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través de Augas de Galicia e a Axencia Galega de Infraestruturas, respectivamente.

Con esta actuación, que terá consecuencias positivas tanto para estas dúas vías autonómicas como para a calidade das augas da ría de Arousa, trátase de resolver os problemas identificados nestas estradas pola entidade hidráulica da Xunta, no marco dos estudos do Plan de saneamento local nesta ría.

Deste xeito, desenvolveranse as obras precisas para que a rede de drenaxe das estradas PO-550 e PO-504 funcione de xeito independente da rede de saneamento na súa zona de proximidade á ría de Arousa. En concreto, identificáronse 10 puntos problemáticos, dous na PO-504 no seu tramo máis próximo á PO-550, e os outros 8 na propia PO-550.

Ademais, segundo o proxecto deseñado polo Axencia Galega de Infraestruturas e obxecto de licitación das obras, tamén se dará continuidade ás distintas intervencións xa realizadas anteriormente de mellora da seguridade viaria e peonil da PO-504, vía de 4,46 km que vertebra de norte a sur o concello de Sanxenxo, ás que se destinaron un investimento de máis de 1 M€.

Neste caso, trátase de completar a mellora da accesibilidade peonil no itinerario desta vía autonómica, que ten unha interrupción, entre os puntos quilométricos 4+260 e 4+340. Deste xeito, neste treito propónse a execución de beirarrúa na marxe esquerda da estrada permitindo a conexión entre o tramo anterior e posterior da mesma vía e mellorar a seguridade peonil.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Treito no que se interrompe a beirarrúa da PO-504

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á CONTRATACIÓN DAS OBRAS DAS NOVAS SENDAS DE MABEGONDO E MONTOUTO, NO CONCELLO DE ABEGONDO, POR UN INVESTIMENTO DE CASE 530.000 €

- Trátase de executar un treito de senda na AC-542 en Mabegondo, entre a intersección coa AC-221 e a glorieta cara á estrada provincial, e outro en Montouto, que finalizará no cruce coa vía provincial
- Dotarase ao municipio coruñés dun total de máis de 900 metros de itinerarios peonís para que os veciños poidan facer os seus desprazamentos cotiáns de xeito máis seguro, saudable e sostible
- A previsión é licitar as obras nas vindeiras semanas para executalas no vindeiro ano, xa que contan cun prazo de execución de 6 meses
- O Goberno galego segue traballando para reforzar a seguridade dos peóns, usuarios vulnerables das estradas, así como para dar continuidade a treitos de senda que xa executou en colaboración co Concello

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación por preto de 530.000 euros das obras de construción dos novos itinerarios peonís de Mabegondo e de Montouto, no concello de Abegondo.

Mediante esta nova intervención de mellora da mobilidade peonil e de reforzo da seguridade viaria, a Xunta habilitará dous treitos de senda nas marxes da estrada AC-542, independentes entre si, que se executarán nas parroquias de Mabegondo e de Montouto.

Máis en detalle, no treito de Mabegondo, actualmente hai beirarrúas e aparcadoiros en liña na marxe esquerda, pero en Montouto non hai beirarrúas en ningunha das marxes, polo que cómpre dotar sendas polas que os veciños poidan transitar a pé con seguridade.

En Mabegondo construírase unha senda pola marxe dereita entre a intersección coa estrada AC-221 e a glorieta situada na intersección coa estrada provincia CP-0106L. O itinerario terá 430 metros de lonxitude.

Na parroquia de Montouto, executarase un itinerario de 480 metros pola súa marxe dereita, que finalizará no cruce coa estrada provincial CP-0103.

De acordo co proxecto deseñado polo departamento de Infraestruturas da Xunta, en total executaranse máis de 900 metros de senda cunha anchura de 2,5 metros, aínda que nalgunha zona concreta disporase dun ancho algo inferior. En concreto, no itinerario de Mabegondo hai unha zona na que a senda terá 2 metros de ancho para evitar a demolición do peche que delimita o aparcadoiro do supermercado.

Os novos itinerarios executaranse en formigón e irán elevados sobre o actual firme da estrada.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitará as obras nas vindeiras semanas, co obxectivo de executalas no vindeiro ano. A intervención ten un prazo de execución de 6 meses.

O Goberno galego segue traballando para reforzar a seguridade dos peóns, usuarios vulnerables das estradas, así como para dar continuidade a treitos de senda que xa executou en colaboración co Concello.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN POR PRETO DE 890.000 € DA CONEXIÓN DUN VIARIO DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA COAS ESTRADAS PO-531 E PO-301, EN VILANOVA DE AROUSA

- Trátase de darlle funcionalidade a esa vía como alternativa á estrada da deputación Baión-András, mellorando a seguridade e a mobilidade dos veciños
- Uniranse as vías autonómicas PO-301, PO-300 e PO-531, que son vertebradoras do territorio do Salnés, partindo da intersección da PO-300 coa PO-301 en Ponte Arnelas, e tendo como punto final a PO-531 no quilómetro 17+180
- Nas vindeiras semanas licitarase a execución das obras, que contan cun prazo de execución de 12 meses
- A Xunta segue a traballar no impulso de actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda, segura e sustentable

O Consello da Xunta aprobou hoxe a licitación da execución da obra de conexión dun viario de concentración parcelaria, situado no concello de Vilanova de Arousa, coas estradas autonómicas PO-531 e PO-301, por un orzamento autonómico de 887.314 €.

O obxectivo desta intervención do Goberno galego é darlle funcionalidade a ese viario, como alternativa á estrada provincial EP-9701, Baión-András, a través da execución duns entronques coas citadas vías de titularidade da Xunta PO-301 e a PO-531.

Trátase de unir as estradas autonómicas PO-301, PO-300 e PO-531, que son vertebradoras do territorio do Salnés, con tráfico importantes nos treitos obxecto desta actuación. En concreto, segundo o proxecto da obra que se autorizou hoxe contratar, a intervención, partirá da intersección da PO-300 coa PO-301 en Ponte Arnelas e terá como punto final a estrada PO-531 no seu punto quilométrico 17+180.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé licitar a execución das obras nas vindeiras semanas, para executalas no vindeiro 2026. O prazo de execución das obras é de 12 meses.

Seguridade viaria

Nos últimos anos, no marco de actuacións levadas a cabo pola Consellería do Medio Rural, configurouse ese viario que pode ter a mesma funcionalidade que a vía provincial EP-9701, xa que presenta un trazado máis recto e evita o paso polos núcleos urbanos. Deste xeito, a intervención obxecto de licitación procura a mellora da seguridade viaria, tanto dos vehículos como das persoas que viven a carón da vía provincial, que verá diminuído o seu tráfico, ao aproveitarse todo o potencial dese novo viario.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Xa no detalle, para a configuración das interseccións, no caso da estrada PO-531, o proxecto deseñado pola Axencia Galega de Infraestruturas, propón a conexión mediante un cambio de sentido con carril central de espera, á altura do quilómetro 17+180 da vía autonómica. A semiglorieta terá 5 metros de radio exterior con carril central de espera de 3 metros de ancho, e o carril será de 4 metros de ancho.

A vía de conexión entre as interseccións e o viario de concentración parcelaria terá dous carrís de 3 metros de ancho e na estrada PO-301 terá ademais beirarrúas de 2 metros de ancho.

No referente á conexión coa PO-301 e a PO-300, o novo eixe conectarase á glorieta existente no cruce das estradas PO-301 e PO-300 coa estrada provincial EP-9511. A glorieta modificarase, pasando dunha morfoloxía circular actual a unha oval. Terá 21 metros de eixe maior e 14 de eixe menor. Disporá de 2 carrís de 4 metros de ancho con 2 beiravías, gorxal interior adoquinado de 1,40 metros de ancho e illa central con céspede natural.

Na intervención, ademais, prevese a construción de muros de contención para reducir a ocupación do terraplén no caso da PO-531 e para evitar a afección ao río existente na contorna da PO-301.

Tamén se prevé a prolongación de obra de drenaxe ao paso do río baixo a glorieta de Ponte Arnelas e a reposición das beirarrúas que resulten afectadas polas obras.

Ademais, adecuarase a sinalización, tanto horizontal como vertical, á nova configuración da vía. Así mesmo, nas zonas nas que exista desnivel na marxe, tanto na conexión da estrada PO-531 como na PO-301, disporanse sistemas de contención na marxe do novo viario.

Tras a análise das achegas recibidas, na intervención adecuarase a sinalización horizontal dos pasos de peóns nas estradas da Deputación Provincial de Pontevedra afectadas pola actuación; e a sinalización vertical da glorieta de conexión coa estrada provincial EP-9511, de acordo cos criterios definidos desde a entidade provincial.

A Xunta de Galicia segue a traballar no impulso de actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda, segura e sustentable.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Conexión dun vial de concentración parcelaria coas estradas PO-531 e PO-301



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MOBILIZOU ESTE ANO 22,35 M€ EN MÁIS DE 7.400 ESTABLECEMENTOS GRAZAS AOS BONOS ACTIVA COMERCIO QUE SUPERAN XA OS 122 M€ EN VENDAS XERADAS DESDE 2021

- O Consello do Goberno galego analizou hoxe un informe da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración sobre as dúas andainas do programa en 2025, que cun orzamento total de 5 M€ propiciaron case 400.000 compras en comercios retallistas
- Tras volver esgotarse en dous días o crédito dispoñible na última edición, superáronse os 2 M€ en descontos nas dúas fases na provincia de Pontevedra, seguidos dos preto de 1,5 M€ da Coruña, dos case 800.000 € de Ourense e dos máis de 653.000 € de Lugo
- Canto ao volume de vendas xeradas, na provincia de Pontevedra acadáronse os 9,1 M€ mobilizados nas dúas edicións dos bonos en 2025, na Coruña promovéronse compras por máis de 6,8 millóns de euros, en Ourense case 3,5 M€ e en Lugo máis de 2,9 millóns
- Á espera de analizar a última, un informe de Abanca reflicte que o gasto no comercio no arrinque de xuño (cando comezou a 1ª campaña de 2025) incrementouse un 6 % con respecto a 2024 e un 15,5 % se se ten en conta o propio día do lanzamento dos bonos
- Enmarcada no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, esta iniciativa consolidarase en 2026 con dúas novas edicións previstas por un total de 5 M€, mentres se lanzarán outras novas como Vilas Vivas, Localízate ou Prato de Mercado

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración sobre as dúas edicións dos bonos Activa comercio impulsadas neste 2025, tras volver esgotarse en pouco máis de dous días o crédito dispoñible na última realizada, entre os pasados 5 e 7 deste mes de novembro. Así, cun orzamento global de 5 M€ destinados a aplicar descontos individuais de ata 30 euros, o Goberno galego conseguiu mobilizar máis de 22,3 M€ en máis de 7.400 establecementos de proximidade, co que se superan xa os 122 millóns de euros en vendas xeradas desde 2021 grazas a esta acción que se consolidará nos orzamentos do ano que vén.

O programa dos bonos Activa comercio ten como obxectivo incentivar a demanda comercial axudando economicamente as persoas consumidoras e fomentando o consumo nos establecementos retallistas adheridos á campaña. Como novidade, os comercios non tiveron que inscribirse dúas veces para participar na iniciativa, senón que para a segunda edición seguía vixente a adhesión da primeira, co obxecto de gañar en axilidade en beneficio tanto dos comerciantes como da clientela.

Como mostra do que supoñen este tipo de accións e á espera de analizar a última realizada, un informe de Abanca (entidade colaboradora neste programa) sobre o impacto dos bonos Activa comercio na 1ª edición de 2025 (4-6 xuño) reflicte que o gasto dos galegos en presencial no comercio retallista se acelerou ese mes con respecto ao ano pasado. Se temos en conta a semana de lanzamento dos bonos, o incremento interanual superou o 6 % e mesmo na seguinte semana se seguiu percibindo unha suba

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

do gasto en relación a un ano antes, concretamente do 4,5 %. Se atendemos propiamente ao día de inicio das descargas dos descontos (4 de xuño), o aumento disparouse ao +15,5 %.

Impacto no sector comercial retalista

A última edición dos bonos Activa comercio saldouse con máis de 11,3 millóns de euros mobilizados e preto de 200.000 operacións realizadas, grazas ao presuposto 2,5 M€ implementado pola Xunta para descontos. Isto eleva o global das dúas andainas do programa en 2025 a máis de 22,3 millóns xerados en máis de 7.400 establecementos con case 400.000 compras efectuadas en toda Galicia.

A nivel provincial, superáronse os 2 millóns en descontos nas dúas fases na provincia de Pontevedra, seguidos dos case 1,5 M€ da Coruña, dos preto de 800.000 euros de Ourense e dos máis de 653.000 euros de Lugo. Canto ao volume de vendas xeradas, na provincia de Pontevedra acadáronse os 9,1 millóns de euros mobilizados nas dúas edicións dos bonos en 2025, na Coruña promovéronse operacións por máis de 6,8 millóns, en Ourense case 3,5 M€ e en Lugo máis de 2,9 millóns de euros.

A Xunta de Galicia confirma desta forma o éxito dunha iniciativa que leva convocándose desde o ano 2021, contribuíndo a reactivar as vendas no comercio local e a incentivar a demanda das persoas consumidoras e logrando mobilizar no sector comercial retalista máis de 122 millóns de euros en total. Os bonos Activa comercio volverán lanzarse en 2026, con dúas novas edicións que contarán cun orzamento global de 5 M€.

Medidas para revitalizar o comercio local

Os bonos Activa comercio son unha das medidas contempladas no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030 para revitalizar os establecementos de proximidade, incrementar a competitividade deste sector e incentivar o consumo local. En concreto, enmárcase no seu eixe 2, para a dinamización e visibilidade do comercio.

Ao abeiro dos orzamentos de 2026, a maiores da reedición destes bonos, consolidaranse apoios como os dirixidos á transformación dixital e modernización do sector comercial e artesanal (4 M€), a potenciar as prazas de abastos como Mercados Excelentes (case 4,5 M€) e os dirixidos a actuacións de dinamización das áreas de interese comercial (2,7 M€).

A maiores, impulsaranse iniciativas novidasas como o proxecto de recuperación de contornas comerciais urbanas senlleiras Vilas Vivas, que arrincará na ponte de decembro en Ribadavia; o proxecto Localízate, destinado a atraer a mocidade ao comercio local; ou Prato de Mercado, para visibilizar as sinerxías entre as prazas de abastos e a hostalaría. No eido da artesanía, estrearanse as formacións para aprendices (1 M€) e creárase en Santiago de Compostela a Casa do Artesán, que exercerá de sede da Fundación Artesanía de Galicia e albergará unha exposición permanente con pezas de artesáns do selo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

PORTOS DE GALICIA DEDICA 37 INSTALACIÓNS EN 28 MUNICIPIOS PARA A PRÁCTICA DE PIRAGÜISMO, REMO E VELA

En máis do 75 % dos casos as concesións ou autorizacións que rexen sobre estes espazos non implican pago de taxas pola ocupación do terreo ou beneficianse de bonificacións do 90 % do importe

Portos de Galicia, ente adscrito á Consellería do Mar, dedica 37 instalacións portuarias en 28 municipios para a práctica de piragüismo, remo e vela. Así se fai constar no informe presentado hoxe pola conselleira Marta Villaverde ao Consello da Xunta no que se dá conta desta acción para o fomento e apoio á práctica deportiva.

O documento elaborado polo ente público detalla as características das 37 instalacións que se outorgan en réxime de concesión ou autorización a concellos, asociacións e entidades deportivas, ademais das 30 concesións vixentes para a xestión de portos deportivos a clubs náuticos –entidades sen ánimo de lucro- e mariñas –entidades empresariais-.

As 37 instalacións referidas, situadas en 30 peiraos de titularidade autonómica suman unha superficie total de 37.400 metros e dan servizo a máis de 7.000 deportistas federados (2.000 piragüistas, 2.800 remeiros e 2.300 velistas). Entre elas figuran tanto as asentadas en terra, como edificios, naves, almacéns, vestiarios ou casetas, como as da lámina de auga, fundamentalmente pantaláns e pasarelas.

Xunto aos datos das concesións e autorizacións destes espazos, Portos de Galicia recolle no seu informe os incentivos económicos que aplica sobre elas. Así figura que en máis do 75 % dos casos os titulares non pagan importe algún polo uso do dominio público portuario ou ben abonan as taxas correspondentes cunha bonificación do 90 %.